

Programa de Habilidades Sociais ESCOLA-FAMILIA:

Iniciar e manter conversas.

LEMA: “SE AMIGOS QUERES FACER, A FALAR CON ELES DÉBESTE ATREVER”.

OBXECTIVO:

Que o neno/a inicie conversas con outros nenos e nenas e respondan axeitadamente cando outros e outras inician unha conversación en él/ela.

PARA INICIAR UNHA CONVERSA:

- 1º. *Atopar a outro neno ou nena ; determinar con quen se vai falar.*
- 2º. *Elixir o momento e o lugar oportuno.*
- 3º. *Determinar o tema sobre o que se vai iniciar a conversación. Por exemplo, algo que esta acontecendo, algo que lle gusta á outra persoa, algo agradable para ambos/as.*
- 4º. *Achegarse á outra persoa, mirala e sorrirlle.*
- 5º. *Saudala (se é coñecida) ou presentarse (se é descoñecida).*
- 6º. *Utilizar unha fórmula ou expresión verbal de inicio de conversación; por exemplo: pregunta ao outro neno/a , comentario sobre a situación, observación sobre a actividade da outra persoa,*
- ..
- 7º. *Utilizar unha conduta non verbal acorde coa mensaxe verbal (entoación, expresión facial, xestos, proximidade).*

PARA RESPONDER a outro neno/a que quere iniciar unha conversación, hai que:

- 1º. *Responder ó saúdo.*
- 2º. *Responder á iniciación que o outro neno/a nos fai.*
- 3º. *Desculparse se non se pode ou non se quere conversar.*
- 4º. *Agradecerlle a súa invitación para falar.*

MODELADO

O familiar modela as condutas e habilidades necesarias para iniciar unha conversa con outro neno/a. Mentres actúa , vai dicindo o que pensa en voz alta. O familiar segue os pasos necesarios para a solución de problemas:

- (1) *Que teño que facer? “Teño que iniciar unha conversación con outro neno/a; quero falar con Marta para comentarlle o que fixen este fin de semana”.*
- (2) *Como podo facelo? “ O plan que teño que seguir é 1º elixir o momento, despois, ...” O familiar vai verbalizando e modelando os pasos sinalados.*
- (3) *Estou usando o meu plan? “Si porque achegueime a Marta, saudeina, etc”.*
- (4) *Como o fixen? “ Fixeno moi ben e Marta díxome que outra día seguiríamos falando”.*

No proceso de Modelado, o familiar vai poñendo exemplos de inicio de conversacións en distintas situacións : no parque, nun bar, nunha excursión, na piscina, primeiro día de campamento, etc.

LEMA: “ PARA CONVERSAR COS DEMAIS DEBES: ESCOITAR, ESTAR ATENTO/A AO QUE CHE DIN, FACER PREGUNTAS E ... SORRIR”

OBXECTIVO:

Que o neno/a manteña conversas cos iguais.

PARA MANTER UNHA CONVERSA é necesario:

- *Decidir e elixir:*
 1. *A persoa coa que falar.*
 2. *O momento e lugar apropiados (lugar tranquilo e cando hai tempo).*
 3. *O tema de conversación: debe ser agradable, algo que ocorrera na escola, algo interesante.*
- *Recibir e comprender o que di a outra persoa. Para isto é necesario:*
 5. *Escoitar o que che di.*
 6. *Prestarlle atención.*
 7. *Dar sinais de “escoita activa”: mirar, postura axeitada, movementos afirmativos coa cabeza, monosílabos (si,si- xa, ...), repetir o que dixo a outra persoa.*

8. *Poñerse no lugar do outro para comprender e entender o que di.*

- *Observar como cho di:*

1. *Identificar sentimentos e emocións da outra persoa.*

2. *Identificar e interpretar indicios de continuar a conversa, cambiar de tema ou rematar a conversa.*

- *Facer preguntas á outra persoa pedindo información ou aclaracións.*

- *Responder ao que di a outra persoa e expresar o que ti pensas e sentes:*

- *Responder ás preguntas que nos faga.*

- *Expresar as túas ideas e opinións.*

- *Dar información adicional sobre un.*

- *Acompañar o que dis con linguaxe corporal axeitado (ton de voz, expresión facial, movementos e xestos acordes)*

- *Manter a conversa:*

- *Face quendas na conversa: unhas veces falas outras escoitas, unhas preguntas, outras respondes; unhas veces das información sobre ti, outras preguntas sobre a outra persoa, ...*

- *Facer todo o posible para que as dúas persoas esteades a gusto (sorrir, dicir algo agradable, manter un ton amistoso e cordial)*

- *Cambiar de tema cando se estime oportuno.*

- *Rematar a conversación.*